

BILL E JANET E OUTRAS CRÓNICAS MARCIANAS

VV. AA., 2023

1071

ESTREA EN NUMAX: 25.02.2023 | V.E. | +3 | 58 min

Nun afastado planeta viven dúas familias de marcianos: os Smeds e os Smoos. Os Smeds dormen en camas, teñen pés de pato e pelos raros, xogan na auga, beben leite rosa e comen pan marrón, mentres que os Smoos levan zapatos, comen en furados, gústalles saltar todo o tempo, beben té negro e comen estofados verdes. Os Smeds e os Smoos non se levan ben; viven separados e nunca xogan xuntos, está prohibido!

Un programa sobre marcianos e naves espaciais que nos ensinan a traballar a tolerancia e a aceptación da diversidade.



O que nos fai iguais

Xeración tras xeración, os Smeds e os Smoos non tiveron ningunha relación: non se falan, nunca xogan xuntos e non soportan as costumes do outro. Pero, que pasa cando unha moza Smed e un mozo Smoo namoran e marchan do planeta? Resolve este test espacial para desfacer tantos anos de diferencias banais e descubrir o que nos fai iguais!

Por que non poden xogar os Smeds cos Smoos?

- a. Porque son diferentes
- b. Porque o teñen prohibido
- c. Porque falan idiomas diferentes
- d. A e B son certas

Por que deciden darse á fuga Bill e Janet?

- a. Porque non lles deixan casar
- b. Porque están fartos do seu planeta
- c. Porque teñen sede de aventuras
- d. Porque queren escarmentar as súas familias

Que nave collen Bill e Janet para marchar?

- a. O foguete azulado dos Smoos
- b. O foguete vermello dos Smeds
- c. Ningún, pénsano e ao final deciden quedar
- d. Piden unha nave-taxi

De que se decatan os Smeds e os Smoos en busca da parella desaparecida?

- a. De que poden entenderse
- b. De que non son tan diferentes
- c. De que as costumes dos outros son agradables
- d. Todas son certas

Canto tempo viaxan os Smeds e os Smoos na procura da parella desaparecida?

- a. Un día
- b. Unha semana
- c. Un mes
- d. Un ano

Onde estaban Bill e Janet todo este tempo?

- a. No seu planeta
- b. Agochados no planeta Vamjam
- c. Agochados na nave dos Smoos
- d. No planeta Klabú, onde van con zancas

De que cor é o bebé de Bill e Janet?

- a. Amarelo
- b. Verde
- c. Morado
- d. Laranxa